

# CIENCIAS SOCIAIS

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Nota informativa para as familias:

Por decisión conxunta do centro, todas as actividades de Lingua Galega, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais publicaranse na páxina web do colexio ao comezo de cada semana, ao igual que no resto das materias. Non se colgarán actividades no Blog ata novo aviso.

Ola Chiquipandi,

Neste último trimestre, na materia de Ciencias Sociais, estudaremos a **Idade Contemporánea**, que comeza no ano 1789 coa Revolución Francesa e alóngase ata a actualidade.

Antes de traballar esta etapa da historia, faremos un percorrido por todas as etapas anteriores, comezando no Paleolítico e rematando na Idade Moderna.



Antes de comezar, debemos recordar que medimos o tempo en siglos e respetando unha orde cronolóxica. Atentos ao seguintes vídeos:

- 1) <https://www.youtube.com/watch?v=IA+WxaQLboY>
- 2) <https://www.youtube.com/watch?v=kXvimwdOuCO&list=PLR34Zx3EVXfVuqhW3jD1ZHc-JQZpTrZOQ&index=4>
- 3) <https://www.youtube.com/watch?v=51OO5kyufSM&list=PLR34Zx3EVXfVuqhW3jD1ZHc-JQZpTrZOQ&index=3>

Para facer este percorrido polas etapas da **Prehistoria** e da **Historia**, debes visitar os seguintes enlaces e ler as páxinas do libro de texto que aparecen neste documento. Os **enlaces de cor laranxa son esquemas** e os **enlaces de cor azul son vídeos**.

É hora de convertermos en historiadores e historiadoras e a realizar un bo traballo de investigación. Adiante valentes!!!

## **ETAPAS DA PREHISTORIA**

<https://docs.google.com/file/d/0B00tiEvBUyLfVXBnTWZJeHhLc00/edit>

<https://www.youtube.com/watch?v=UE2y4DFuCK8>

1. PALEOLÍTICO: <https://www.youtube.com/watch?v=xORUH5kJHug&t=29s>

2. NEOLÍTICO: <https://www.youtube.com/watch?v=OR1p2xgNptM&t=12s>

3. IDADE DOS METAIS: <https://www.youtube.com/watch?v=Rw-5z5ZsTMU&t=5s>

## **ETAPAS DA HISTORIA**

<https://www.youtube.com/watch?v=6E8Gx9MvGuE&t=104s>

### **1. IDADE ANTIGA:**

<https://docs.google.com/file/d/0B00tiEvBUyLfZjdLcHV4LXA1aWc/edit>

<https://www.youtube.com/watch?v=7IIzQbxRlhE&list=PLpyCaWeksH0ix8qPf4yPLdfu4Dni7Ictq>

<https://www.youtube.com/watch?v=5qXqipbSuYY>

<https://www.youtube.com/watch?v=AtxY5h4Osmc&list=PLpyCaWeksH0ix8qPf4yPLdfu4Dni7Ictq&index=6>

<https://www.youtube.com/watch?v=ufEclRGXV6k&list=PLpyCaWeksH0ix8qPf4yPLdfu4Dni7Ictq&index=7>

### **2. IDADE MEDIA:**

<https://docs.google.com/file/d/0B00tiEvBUyLfnHN0YVJWZzVLR0k/edit>

<https://www.youtube.com/watch?v=3kQoewZgf-U&t=115s>

### **3. IDADE MODERNA:**

<https://docs.google.com/file/d/0B00tiEvBUyLfU09UNWJuZHA3TEU/edit>

<https://www.youtube.com/watch?v=TD24cI-1bxw>

<https://www.youtube.com/watch?v=2U9WE3me1hM&t=94s>

## Antes da Idade Contemporánea...

Con que unidade miden o tempo histórico os historiadores?

A **historia** é a ciencia que estuda o pasado da humanidade. Para iso, os historiadores buscan as **causas** dos feitos que suceden ao longo do tempo e as **consecuencias** que estes provocan. O estudo da historia serve para comprender o presente e ter unha visión máis crítica.

Para facilitar o seu estudo, os historiadores dividen a historia en dous grandes períodos, a **Prehistoria** e a **Historia**, e estes, á súa vez, en etapas ou **idades**.

### Lembra

Os historiadores sitúan os feitos históricos en orde **cronolóxica**, é dicir, de maneira ordenada no tempo. Para iso, utilizan sobre todo unha unidade de medida: o **século**. O século é equivalente a un centenar de anos.

### Prehistoria



#### Paleolítico

Hai máis de dous millóns de anos.

O **Paleolítico** comeza coa aparición en África dos primeiros seres humanos, que emigraron despois a Europa e a Asia:

- Organizábanse en **grupos pequenos**, que vivían de forma nómade.
- Obtiñan os seus alimentos mediante a **caza**, a **pesca** e a **recolección**.
- Usaban ferramentas fabricadas con **pedra tallada**.
- Vivían en **covas** ou en **cabanas** moi sinxelas.
- Descubriron o **lume**.
- Comezaron a crear **arte**, ben nas paredes das covas, ben en obxectos de pedra ou óso.



#### Neolítico

8000 a. de C.

No **Neolítico**, os seres humanos adoptaron unha forma de vida totalmente diferente:

- Abandonaron a caza e a recolección e comezaron a **cultivar** a terra e a **domesticar** animais.
- Fixéronse **sedentarios** e construíron os primeiros poboados.
- Fabricaban ferramentas de **pedra pulimentada**.
- Crearon utensilios como o **arado**, a **roda** ou a **cerámica**.
- Levantaron monumentos con grandes pedras, chamados **megálitos**.



#### Idade dos Metais

5000 a. de C.

A **Idade dos Metais** comeza coa fabricación de ferramentas de diversos metais, o que dá lugar á **metalurxia**. Este período divídese en tres etapas:

- A **Idade do Cobre**, chamada así polo uso que se lle deu a este metal.
- A **Idade do Bronce**, na que o ser humano aprendeu a mesturar metais. É o caso precisamente do bronce, que se obtén mesturando cobre e estaño.
- A **Idade do Ferro**, na que se usou este metal, máis duro e resistente.

Coa aparición da metalurxia transformáronse as cidades, pois as persoas asentábanse preto das zonas de extracción.

- 1 Debuxa unha liña do tempo e sitúa nela estes feitos históricos: conquista de Granada, descubrimento de América, invención do lume, decadencia do Imperio español, conquista romana da Península, aparición dos primeiros poboados permanentes.
- 2 Realiza un mapa mental sobre a sociedade ao longo da historia de España, desde a Prehistoria ata a guerra de Sucesión.
- 3 Con axuda dun adulto, descarga de Internet un mapa mudo de España e sinala nel onde teñen lugar os feitos máis importantes da historia do noso país. Inclúe unha lenda.

! A **Prehistoria** divídese en **Paleolítico**, **Neolítico** e **Idade dos Metais**. A **Historia** comeza coa aparición da escritura e as súas tres primeiras idades son a **Idade Antiga**, a **Idade Media** e a **Idade Moderna**.

Historia



**Idade Antiga**  
3500 a. de C.

Coa escritura, comezou a **Idade Antiga**. Apareceron as cidades e desenvóléronse civilizacións como a exipcia e a mesopotámica. É a época de Grecia e Roma. Na Península, esta etapa divídese en:

- **Época prerromana**, na que a Península estaba poboada por diversos pobos, como os celtas, os iberos e os tartesos. Os fenicios, os cartaxineses e os gregos fundaron varias colonias na costa do Mediterráneo.
- **Época romana**, na que os pobos prerromanos foron conquistados polo Imperio romano e asimilaron a súa cultura, nun proceso denominado romanización. Durante esta época construíronse grandes obras públicas.

**Idade Media**  
476 d. de C.

Ao caer o Imperio romano, iniciouse a **Idade Media**, que na península Ibérica se divide nas seguintes fases:

- O **periodo visigodo**, que creou un reino unificado.
- O período de **Al-Ándalus**, que comezou coa invasión musulmá e marcou o final do reino visigodo.
- O nacemento dos **reinos cristiáns** no norte, que empezaron unha lenta expansión cara ao sur.
- A conquista de **Granada** polos **Reis Católicos**, último enclave musulmán na Península, que marcou a unificación do territorio e o final desta idade.

**Idade Moderna**  
1492 d. de C.

A **Idade Moderna** deu comezo co descubrimento de América. En España distinguimos os seguintes períodos:

- O reinado dos **Reis Católicos**, que supuxo a unificación dos reinos da Península.
- O **século xvi**, durante o que reinaron Carlos I e Filipe II e no que a monarquía hispánica alcanzou a súa máxima expansión territorial.
- O **século xvii**, cando o Imperio español entrou en decadencia e a dinastía dos Austrias foi substituída polos Borbóns tras a guerra de Sucesión.

## **ACTIVIDADE 1: Crear unha liña do tempo**

Unha vez rematada a investigación e xa convertidos en historiadores e historiadoras, imos crear unha **liña do tempo** na cal aparezan todas as **idades da Prehistoria e da Historia** coas datas e os acontecementos máis importantes. Podedes engadirlle fotos ou debuxos para que sexa máis visual. Recordade empregar diferentes cores á hora de escribir.

Aquí tedes algunhas páxinas web con ideas moi creativas de liñas do tempo que podedes adaptar as etapas da Prehistoria e da Historia. Espero que vos sirvan de axuda!!

Podedes crear a liña do tempo no voso caderno, ou se queredes ser máis orixinais podedes creala empregando folios, cartulinas, etc. Todas as ideas son válidas!!

- 1) <https://imagenpng.com/linea-del-tiempo-creativa/>
- 2) <https://i.pinimg.com/originals/7f/68/78/7f6878265e8531fdab63f095f00542bb.jpg>
- 3) <http://lamademoiselledufle.blogspot.com/2019/04/ciencias-sociales-linea-del-tiempo.html>
- 4) <https://theowlteacher.com/10-different-timelines/>

Unha vez rematada esta actividade, xa estades preparados para facer unha viaxe ao longo de toda a **Idade Contemporánea**, pero xa colleremos ese tren outro día. Por agora é suficiente con coñecer as etapas que aparecen na vosa "Liña do tempo".

## **ACTIVIDADE 2: Estudar!!!**

A segunda actividade consiste en estudar a liña do tempo creada para poder comezar a Idade Contemporánea con todos os coñecementos necesarios.

Estudade un ratiño todos os días!! Establecedes unha rutina diaria de traballo para non perder o hábito de estudo. Podedes con isto e moito máis!! O truco está en poñer un pouco de esforzo. **Ánimo!!** Seguro que antes do que pensamos volvemos ao cole para continuar aprendendo xuntos.

**Moito ánimo para vós e para as vosas familias!!**

**Un bico grande da vosa profe que vos quere un montón!!**

**Antía**